

# NOTA DE PRENSA

Ourense, 4 de setembro de 2019 [ámbito de difusión pública e decontado]

## **II Encontro de «Cinema para coidar a terra»**

*O cinelube Os Papeiros e a Federación de Cineclubes de Galicia «Feciga» organizan a segunda edición dunha xornada educativa co nexo do cinema e o medio ambiente.*

Celebramos unha nova xuntanza adicada ao medio ambiente, con obradoiros sobre ecoloxía e cinema, onde agardamos contar coa presenza de Xosé Bocixa, membros das plataformas contra a contaminación, Belén Veleiro, o Sr. Lili e Pulpiño Viascon (e todos e todas os que queirades acompañar).

Haberá música, faladoiros e conversas, xantar campestre e roteiros co lema reseñado; deseguido, os actos previstos e horarios:

11:00 h. Recepción con bio-almorzo.

11:30 h. Presentación da xornada.

11:45 h. Proxección do traballo audiovisual da edición anterior (2018) «Cinema para Coidar a Terra» e «Marcos» de Manuel Valcárcel

12:00 h. O audiovisual e a divulgación ambiental na rede. Proxección de traballos ambientais e de patrimonio (canle Ribeira Sacra).

14:00 h. Xantar campestre.

15:00 h. Café debate, o cinema como plataforma de acción ambientalista. Moderado por Bocixa con membros das plataformas de loita contra a contaminación (Touro, Teo...)

16:00 h. Actuación musical da Musicleta co Sr. Lili e Pulpiño Viascon.

17:00 Proxección e debate «Estruturas, Pel contra Pel» de Paco Gallego e Xosé Bocixa.

18:30 h. Roteiro ambientalista e de gravación audiovisual até o carballo grande de Pousada, de 500 anos (2 Km. Ida e volta).

20:00 h. Desdedida coa proxección de «Miñoca» de lago de Santa e estrea da curtametraxe «A Pescadora» de Edu Lavandeira (rodada en Belesar).

Contaremos con actividades infantís (para nenas e nenos, grandes e pequenos): obradoiros de *Stop-Motion* con material de refugallo, recortes... a cargo de Belén Veleiro, banda sonora forestal con elementos da natureza, proxección en Super-8 no hórreo, de documentais de animación de Félix Rodríguez de la Fuente, proxeccións «Árbores no Bandullo» coa Cinecleta.

## Recursos gráficos

---



***CINECLUBE  
OS PAPEIROS***

Logos da Federación de Cineclubes de Galicia «Feciga» e  
Cineclub Os Papeiros

# Cartapacio de Prensa

---

## Sobre a Federación de Cineclubes de Galicia «Feciga»

«Feciga» é a abreviatura da Federación de Cineclubes de Galicia, que é unha asociación sociocultural independente e sen ánimo de lucro, constituída o 8 de xullo de 1984 e que, con carácter de Federación, agrupa á práctica totalidade dos cineclubes existentes en Galicia, que actúa como xestora destes, e ademais, como prestadora de servizos de asesoramento e organización de proxectos a entidades oficiais e privadas; programas de proxeccións, obradoiros de cinema, mesas de debate relacionadas co cinema, etc.

A «Feciga» pertence á Confederación de Cineclubes do Estado Español e á Fédération Internationale des Ciné-Clubs (FICC).



[.pdf · 9'2 MB]

Dossier sobre a Federación de Cineclubes de Galicia «Feciga»

## **Sobre Cineclube Os Papeiros**

O cineclube desenvolve as súas actividades en Chantada, coa «Semana de Cinema» (antes das festas patronais), ao ar libre, levando xa 26 anos. En Garabelos, nunha aldea preto de Chantada inaugurou xa fai 5 anos, cinema «Palleiriso» nun vello palleiro, que fai de sala de cinema para os veciños e veciñas do arredor, nunha clara aposta polo cinema no rural, onde a situación dramática polo peche das salas de cine en localidades de menos de 10.000 habitantes, determinou o desexo de dinamizar culturalmente e de xeito humilde, o concello e parroquias aledañas.